

## NON É COUSA MIÑA

Era unha tarde de inverno en Sarria cando eu escribía unha historia que mandara a mestra para as vacacións do Nadal.

O tema era comprender o mundo, a sociedade, problemas cotiáns...

Miña nai chamoume, quería que fora deixar toda a roupa sucia diante da lavadora.

- Mamá! – berrei- Estou ocupado
- Ana, vai ti! – díxolle á miña irmá
- E a min que me importa, non é cousa miña! -berrou coma só sabe berrar miña irmá con esa voz aguda e molesta que tén.

De súpeto ocorréuseme unha idea para a historia. Collín o ordenador e púxenme a escribir:

“Un rato que vivía nunha granxa estaba a buscar queixo cando de repente observou que o granxeiro e a súa muller compraran trampas para os ratos.

Asustado foi correndo para avisar ao resto dos animais.

- Compraron unha ratoeira! – berraba pola corte das vacas, que nese intre estaban pacendo tranquilamente. Contestáronlle:
- Vaia, sentímolo moito, sabemos que o pasarás mal, pero como comprenderás a nosoutras iso non nos afecta o máis mínimo. O rato, desilusionado, achegouse ao can
- Can, can! Tés que axudarme! Os granxeiros mercaron unha ratoeira!

O can atopábase roendo un óso tranquilamente nun recanto da casa. Contestalle sen interes:

- E a min que! Pouco me afecta a min esa ratoeira.

O rato, indignado, acércase aos trillizos dos porcos para ver se estes poden axudalo.

- Porcos, porcos! – dalgunha maneira sentiuse mal por chamalos así, pero era o seu nome, non? – acabo de ver que os granxeiros puxeron unha ratoeira – decateime que os acabara de interromper nun baño de barro. Isto soaba a bronca!
- Por favor, axudádeme a quitálas para non quedar atrapada nelas!

Os porcos mirárono mal, con desgana e enfado.

- Pois anda con ollo, porque se as ratoeiras non te atrapan farémolo nós – ameazárono.
- Pero tedes que axudarme. É horrible que haxa unha ratoeira na granxa!
- Nós non estamos en perigo, pero ti si – continuaron a reboquiñarse no barro.

E así un a un os animais fóronse despreocupando daquel problema, pois era algo que, nun principio só afectaba ao rato.

Pasaron días nos que o rato tivo coidado para non quedar atrapado.

Non conseguira convencer a ningún animal para que lle axudara.

Unha noite, de súpeto, escoitouse un ruído coma se a ratoeira cazara algo. A muller foi correndo, a ratoeira atrapara unha serpe. Parecía morta. Ao soltala a serpe pegou unha sacudida, mordendo a muller no brazo. O granxeiro, alertado, saíu correndo e ao ve o acontecido levouna ao hospital, con tan mala sorte que ao arrincar atropelou ao can, que

durmia debaixo. Durante os seguintes días viñeron familiares para ver a muller. Para poder dar de comer a todos os convidados o granxeiro tivo que matar aos trillizos dos porcos.

Finalmente cando a muller estaba curada chegaron as facturas. Para facer fronte venderon as vacas que tiñan para o matadoiro.